

Prego de prescricións técnicas para a contratación, polo procedemento aberto e trámite simplificado, do servizo consistente na promoción da Economía Social mediante a organización, coordinación, dinamización e divulgación da actividade de espazos efémeros (POP up,s) encadrada dentro do PROXECTO LACES.

(Expte.: 2018_001_ESPAZOCOOP)

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxecto do contrato.....	4
3. Contido do servizo.....	4
3.1 Accións de desenvolvemento da actividade “Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social”.....	4
3.1.1. Espazos efémeros de emprendemento (POP UP).....	4
4. Cronograma do contrato.....	8
5. Medios persoais e materiais	8
5.1. Medios persoais	8
5.2. Medios materiais	9
6. Condicións xerais de prestación do servizo	9
6.1. Dirección e seguimento dos traballos	9
6.2. Imaxe corporativa	10
6.3. Propiedade e protección dos resultados dos traballos recollidos neste prego	10
6.4. Confidencialidade e protección de datos	10
7. Consultas relacionadas co prego de prescricións técnicas	14

1. INTRODUCCIÓN

A economía social defínese como o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Todos os colectivos sociais poden beneficiarse das vantaxes que a economía social proxecta sobre a sociedade, o territorio e a realidade económica. O colectivo de persoas emprendedoras pode encontrar na economía social unha interesante vía para canalizar as súas inquedanzas e os seus proxectos empresariais, que lle permita afrontar un dos seus principais problemas: o acceso ao emprego.

Forman parte da economía social de Galicia as cooperativas, as sociedades laborais, as fundacións e asociacións que levan a cabo actividade económica, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as mutuas e as sociedades agrarias de transformación, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, así como as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na Lei 6/2016, do 4 de maio, de Economía Social de Galicia, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

LACES é un proxecto cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

O proxecto LACES ten como fin último contribuír á creación e consolidación de empresas e entidades de economía social, favorecendo a creación de emprego de calidade na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. Para iso pretende actuar como fonte de coñecemento e innovación, modernizando as estratexias de promoción e apoio a esta economía solidaria e colaboradora a través da execución de programas piloto para conseguir un salto cuantitativo no impulso de proxectos empresariais de economía social no espazo transfronterizo Galicia Norte de Portugal.

Estes programas agrúpanse nas seguintes actividades:

- Laboratorios para a identificación de oportunidades de negocio na economía social
- Laboratorios de creatividade e comunicación da economía social
- Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social
- Laboratorios para o reforzo e mellora da capacitación do talento humano

No marco da actividade **“Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social”** contempla, entre outras, a seguinte acción:

Organización de espazos efémeros ou POP UP, onde as persoas emprendedoras, en fases avanzadas da súa idea de negocio, ou proxectos empresariais da Economía Social que queiran poñer en marcha ou impulsar novas liñas de negocio, produto ou servizo, poidan expor os seus proxectos durante un tempo limitado en espazos seleccionados e acondicionados con este fin, permitíndolles obter unha retroalimentación directa coas persoas consumidoras antes de lanzarse definitivamente ao mercado. Este tipo de dinámica está especialmente orientada a aqueles proxectos que se materialicen nun produto físico, pero tamén a entidades prestadoras de servizos, sempre que sexan susceptibles de exposición e contraste co público destinatario.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é o de promover a Economía Social e contribuir á creación e consolidación das súas empresas mediante a prestación de servizos de organización, coordinación, dinamización e divulgación das accións encadradas dentro das actividades “Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social”.

Os obxectivos xerais que se perseguen con esta contratación son fomentar e consolidar a economía social na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para acadar un salto cuantitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego en dita economía social.

Os obxectivos concretos da actividade “Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social” son os seguintes:

- Detectar novas ideas empresariais e novas liñas de negocio enmarcadas en proxectos de economía social.
- Reducir o período de tempo no que os novos proxectos de economía social alcanzan a súa viabilidade económica, reducindo a súa taxa de mortalidade.
- Proporcionar aos proxectos que se atopan en fase de creación ou consolidación, unha aprendizaxe que lles axude a perfeccionar o seu modelo de negocio.
- Facilitar que os proxectos de economía social consigan recursos para comezar a súa actividade.

3. CONTIDO DO SERVIZO

Para a execución do servizo a adxudicataria deberá levar a cabo as seguintes prestacións:

3.1 Accións de desenvolvemento da actividade “Laboratorios para a creación e consolidación de empresas de economía social”

Esta actividade busca a innovación en novas metodoloxías para acadar un salto cuantitativo na capacidade de xerar empresas de economía social e articular mecanismos que melloren a competitividade e o salto de escala das empresas de economía social existentes, favorecendo a creación de novos empregos. Para isto, a adxudicataria debe levar a cabo as seguintes accións:

3.1.1 Espazos efémeros de emprendemento (POP UP)

Os espazos efémeros consisten nun programa de actividades que permite aos proxectos que se atopan en fase de creación ou consolidación ter unha experiencia real de venda e acadar unha importante aprendizaxe que lles axude a perfeccionar o seu modelo de negocio. Por tanto, as persoas emprendedoras e os proxectos empresariais da Economía Social en fase de consolidación, poderán expoñer os seus produtos, servizos e/ou proxectos durante un tempo limitado, permitíndolles acceder a unha valiosa retroalimentación da potencial clientela antes de lanzalos definitivamente ao mercado.

Realizaranse **dúas edicións** de espazos efémeros onde participarán como mínimo un total de 15 e un máximo de 20 proxectos/entidades.

A duración de cada unha das edicións será de tres días de duración. Unha das edicións celebrarase na cidade de Vigo e outra das edicións celebrarase na cidade de A Coruña. Os meses de celebración das edicións serán os de Maio e Novembro do ano 2019.

Cada unha das edicións de espazos POP UP estrutúrase nas seguintes fases que coinciden cos diferentes lotes de adxudicación:

Fase 1: Identificación do espazo ou local e seu acondicionamento

A adxudicataria propondrá os distintos espazos ou locais para a celebración das tendas efémeras. Poderán consistir tanto en espazos fixos en rúas ou espazos comerciais, como en stands en feiras ou eventos, ou elementos móbiles tales como furgonetas ou remolques. En calquera caso o espazo proposto deberá estar situado nunha zona con tránsito comercial suficiente para asegurar un fluxo real de clientes que poidan avaliar os produtos e servizos dos proxectos emprendedores ou de consolidación.

A elección da localización do espazo ou lugar deberá ser aprobada pola Unión de Cooperativas Espazocoop e contar coas licenzas municipais necesarias para a realización da actividade POP UP.

A entidade adxudicataria deberá asumir os custos de arrendamento para o uso e/ou de adecuación do lugar de celebración dos eventos POP UP aos proxectos dos emprendedores e entidades, dotándoos de todos os elementos e servizos necesarios para a súa celebración, incluíndo un espazo de almacén para os produtos das empresas ou entidades participantes, se fose necesario. Personalizará o local coas imaxes identificativas da actividade, e dotarao cos medios de cobro e medios telemáticos necesarios, facéndose cargo dos gastos xerados por esta adecuación. A adxudicataria responsabilizarase de que o local ou espazo elixido cumpra con todos os permisos e requisitos técnicos esixibles.

Durante a fase de celebración poderán ter lugar sesións formativas ou obradoiros coworking entre as persoas e entidades participantes e dar a coñecer exemplos de boas practicas. A adxudicataria deberá por a disposición un local ou espazo con capacidade suficiente para poder albergar esta actividade, dotándoo co mobiliario e elementos necesarios para a súa correcta realización.

Se celebrada unha edición da POP UP se pon de manifesto que a localización ou o espazo elixido non cumpre os obxectivos da actividade, a adxudicataria deberá facilitar unha nova localización, espazo ou local que cumpran os requisitos antes descritos. O dito cambio requirirá aprobación previa da Unión de Cooperativas Espazocoop.

Fase2: Desenvolvemento dun plan de comunicación, captación de proxectos e selección

A adxudicataria levará a cabo un plan de comunicación e difusión por cada unha das edicións do programa POP UP co obxectivo de captar proxectos participantes así como dar a coñecer a súa realización ao público en xeral.

A campaña de difusión terá dúas vertentes:

1. Campaña de comunicación en liña en redes sociais así como a través de Internet.
2. Campaña de comunicación off line mediante eventos divulgativos.

O desenvolvemento do plan de comunicación incluírá as seguintes actividades:

- Crearase un gabinete de comunicación encargado da difusión da acción no marco do Proxecto LACES. Este gabinete elaborará notas de prensa tanto antes como durante e despois da celebración de cada unha das actividades, para a súa entrega á Unión de Cooperativas Espazocoop; encargarse das relacións cos medios de comunicación, e en xeral coordinará o plan de comunicación.
 - Crearase unha páxina web onde se informará de todas as actividades que se van realizar e o seu desenvolvemento e que contará cun enlace á páxina principal do Proxecto LACES.
 - Deberase deseñar unha imaxe visual e gráfica da actividade, que se usará nas diversas accións divulgativas desta xunto coa imaxe corporativa do Proxecto LACES.
 - Deseñaranse como mínimo os seguintes materiais:
 - Cartel publicitario, que achegue a principal mensaxe e datos da celebración da actividade.
 - Volantes informativos ou análogos, para dar a coñecer a actividade ao público.
 - Material gráfico necesario para as actividades informativas e formativas, como programas, roll-up, carteis, presentacións dixitais ou outros.
 - Convocatoria para a súa difusión.
- Estes materiais incorporarán a imaxe gráfica da actividade e sempre que sexa procedente terán versións en galego, castelán e portugués. De acordo con estes deseños, que necesitarán aprobación previa da Unión de Cooperativas Espazocoop, a adxudicataria realizará e difundirá os materiais divulgativos da actividade, tanto en formato papel como dixital.
- Realizaranse campañas de publicidade en medios de comunicación, sobre todo locais e/ou sectoriais, adecuados para a captación de empresas participantes e a difusión da actividade.
 - Antes da celebración de cada evento POP UP, realizaranse campañas de difusión específicas para que potenciais clientes e consumidores se acheguen ao espazo POP UP e poidan adquirir ou coñecer os produtos e servizos dos proxectos participantes, tendo en conta o establecido no plan de comunicación .

Os proxectos que se busca captar deberán ter un perfil de emprendemento en economía social ou ser empresas de economía social xa constituídas en fase de lanzamento dun novo produto, servizo ou proxecto ou expansión da súa actividade. Promoverase a participación, non só de proxectos galegos senón tamén de proxectos do Norte de Portugal, co fin de establecer vínculos e conexións de cooperación transfronteiriza entre as distintos participantes.

Durante esta fase a adxudicataria apoiará á Unión de Cooperativas Espazocoop no deseño das bases para a convocatoria de proxectos interesados en participar no programa POP UP. Estas bases definirán o procedemento que deberán seguir os proxectos para a presentación de candidaturas de participación, establecendo o contido da solicitude, que se realizará a través dun formulario electrónico, así como o procedemento necesario para a súa correcta recepción e valoración. Tamén describirán de forma detallada os criterios de elixibilidade e selección das empresas interesadas e recollerán as normas de participación e o regulamento interno de funcionamento do programa. Así mesmo, describirán as etapas do programa e o calendario estimado para cada unha.

A adxudicataria articulará e executará un programa de información en grupo, destinado a todas as empresas interesadas en participar no programa, cos seguintes contidos mínimos de interese común para todos os proxectos participantes:

- Formas de testar produtos ou servizos nas tendas POP UP.
- Ferramentas e persoal necesario para participar nas tendas POP UP.

A selección dos proxectos participantes realizarase en colaboración coa Unión de Cooperativas Espazocoop. Os proxectos non seleccionados recibirán información sobre as razóns polas que os seus proxectos non foron elixidos e informaráselles doutras accións do Proxecto LACES que se poidan adaptar ás características do seu proxecto.

Fase 3: Celebración do evento POP UP

Os horarios das distintas tendas efémeras estableceranse en función do lugar de realización do evento, do tipo de actividades a realizar, do tipo de empresas participantes, do tipo de produto ou servizo a testar. De forma orientativa contémpase como inicialmente adecuada unha duración de oito horas durante os tres días, sen prexuízo de que en función dos aspectos antes sinalados poida establecerse outra máis axeitada.

Cada edición contemplará un evento social de inauguración e outro de peche da dinámica comercial que contribuirá a dotar de maior notoriedade á iniciativa.

Durante toda a duración de cada POP UP, cada un dos proxectos e entidades participantes estará asistido por persoal de apoio loxístico, que prestará apoio en todo o relativo a instalación dos stands e produtos, proceso de oferta e compra-venta, mostras e degustacións, grao de satisfacción das persoas clientes, avaliación final, co fin de asegurar un mellor aproveitamento da experiencia e para poder ter asistencia in situ ante calquera necesidade que poida xurdir durante a dinámica. Debido a que o programa POP UP busca que os proxectos se enfronten a clientes reais que demanden os seus servizos ou produtos, a casuística de situacións que se poden expor será moi diversa e por iso deberá haber persoal de apoio acompañando a cada proxecto para asistilo en caso de necesidade.

En función do tipo de produto ou servizo ou dependendo da fase de constitución da empresa, a adxudicataria deberá:

- facilitar os medios de cobro se en función dos produtos e servizos e a fase de constitución da empresa participante se pode levar a cabo unha venda real.
- propor os elementos de valoración para coñecer o grao de aceptación e favorecer a participación dos posibles clientes, especialmente no caso de que o produto ou servizo se ofrezca a modo de mostra ou degustación por non ser susceptible de venda real. Para iso buscarase coñecer, a través de enquisas ou outros medios adecuados, o grao de satisfacción en relación o produto, o trato recibido, o servizo, etc., co fin de obter feedback sobre a experiencia realizada.

Correspóndelle á adxudicataria xestionar e asumir os custos de aloxamento e traslado dos participantes das POP UP, se é necesario.

Fase 4: Coordinación e seguimento

A fase de seguimento ten por obxectivo analizar o resultado da actividade para poder extraer experiencias que enriquezan o modelo de negocio das entidades participantes, redundando en aspectos tales como:

1. Introducción de novos produtos/servizos.
2. Cambios de formatos, envases, etc.
3. Modificación das estratexias comerciais.
4. Axuste de prezos.
5. Determinación das necesidades reais de medios humanos, técnicos ou financeiros.

Para iso, a adxudicataria deberá elaborar un informe por cada edición das POP UP e outro final conxunto, acerca dos grupos e entidades participantes, desenvolvemento das accións, satisfacción das participantes e da clientela e resultados obtidos por cada proxecto participante, que incluírá unha reportaxe gráfica.

Por outro lado, a adxudicataria deberalle prestar apoio á Unión de Cooperativas Espazocoop no seu labor de coordinación desta actividade coa execución por parte doutras socias do proxecto LACES do resto de espazos POP UP, así como con outras actividades semellantes impulsados dende a Unión de Cooperativas Espazocoop.

4. CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES

A data estimada de celebración e duración das distintas actividades obxecto do contrato será:

Tendas efémeras (POP UP): a adxudicataria da Fase 1 propondrá o número de entidades participantes en cada unha das **dúas edicións**, non podendo ser inferior a 15 nin superior a 20. As datas de celebración serán no mes de Maio e Novembro do ano 2019. A duración de cada edición adaptarase aos espazos escollidos, non obstante non será inferior a tres días.

As datas de celebración poderán sufrir variacións en función de cambios na programación propostos pola Unión de Cooperativas Espazocoop ou debido a imprevistos. En todo caso deberán ser aprobadas pola Unión de Cooperativas Espazocoop.

5. MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Os medios materiais e persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa ou entidade adxudicataria.

5.1 Medios persoais

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como única interlocutora ante a Unión de Cooperativas Espazocoop.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo. Valorarase que as persoas formen parte da estrutura estable da entidade. No caso de que se subcontraten entidades, valorarase que sexan empresas da Economía Social.

Para a realización das actividades que se indican a continuación, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato, como mínimo, os seguintes medios persoais:

1. Elección de espazos de “Tendas efémeras ou POP UP”: a persoa ou persoas que realicen a dita acción deberán acreditar ter formación e/ou experiencia demostrable de como mínimo 2 anos en organización e desenvolvemento de eventos, congresos, feiras e semellantes.

2. Desenvolvemento dun plan de comunicación, captación de proxectos e selección: a persoa ou persoas que realicen a dita acción deberán acreditar ter formación e/ou experiencia demostrable de como mínimo 2 anos en márketing, comunicación, publicidade e promoción.

3. Celebración do evento POP UP: a persoa ou persoas que realicen a dita acción deberán acreditar ter formación e/ou experiencia demostrable de como mínimo 2 anos en organización e desenvolvemento de eventos, congresos, feiras e semellantes.

4. Coordinación e seguimento: a persoa ou persoas que realicen a dita acción deberán acreditar ter formación e/ou experiencia demostrable de como mínimo 2 anos en coordinación e/ou organización e desenvolvemento de actividades formativas, eventos, congresos, feiras e semellantes.

A Unión de Cooperativas Espazocoop resérvase o dereito a esixir o cambio dalgún membro do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de consideralo inaxeitado para a consecución dos obxectivos do proxecto.

5.2 Medios materiais

As empresas ou entidades adxudicatarias porán a disposición do servizo os medios materiais necesarios para levar a cabo o servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato.

En particular, deberá poñer a disposición do servizo:

- os locais necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades. Os locais e os lugares de celebración dos diversos eventos serán elixidos tendo en conta o aproveitamento potencial das infraestruturas existentes. O mobiliario e equipamento necesario, así como as instalacións precisas para o seu correcto desenvolvemento.
- os materiais de divulgación e comunicación do proxecto segundo as indicacións facilitadas pola Unión de Cooperativas Espazocoop.
- o equipamento informático, sistemas de proxección, software, manuais de formación e demais materiais didácticos necesarios para todas as actividades.
- seguros de responsabilidade civil e seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas actividades.
- Seguridade e vixancia dos espazos no caso de que se leven a cabo na vía pública ou non contén con espazos pechados coas suficientes medidas de seguridade.

6. CONDICIÓN XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

6.1 Dirección e seguimento dos traballos

A dirección deste servizo por parte da Unión de Cooperativas Espazocoop recaerá no xerente da Unión ou na persoa responsable na que delegue.

A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, unha persoa como xefe/a do equipo que estará encargada da coordinación do equipo de traballo coa Unión de Cooperativas Espazocoop, e será responsable de trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento que a Unión estime oportunas para a correcta execución do traballo.

Unha vez asinado o contrato, no prazo máximo de 10 días, e con carácter previo ao inicio dos traballos, a empresa contratista deberá presentar o seu plan de traballo para a súa aprobación pola Unión de Cooperativas Espazocoop, que conterá a planificación xeral de cada unha das actividades previstas neste prego.

A planificación concreta de cada unha das fases e actuacións necesaria para a execución das actividades presentárase á Unión de Cooperativas Espazocoop con antelación suficiente para a súa aprobación.

A adxudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da Unión de Cooperativas Espazocoop.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á Unión de Cooperativas Espazocoop e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola Unión de Cooperativas Espazocoop.

6.2 Imaxe corporativa

En todas as actividades e materiais realizados en execución deste contrato deberá incluírse a imaxe do Proxecto LACES e POCTEP, respectando os correspondentes manuais de imaxe corporativa. As placas e carteis de comunicación obrigatorios correrán a cargo da adxudicataria.

6.3 Propiedade e protección dos resultados dos traballos recollidos neste prego.

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á Unión de Cooperativas Espazocoop.

Os dereitos de autor e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción de aqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente a dita Unión.

6.4 Confidencialidade e protección de datos

1. Confidencialidade

A licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a

formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

2. Tratamento de datos de carácter persoal da licitante ou adxudicataria

Os datos persoais que se faciliten para a participación no presente procedemento de contratación e, de ser o caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións contractuais comerciais con terceiros e entidades”, cuxa finalidade e usos son a xestión das relacións económicas que a Unión de Cooperativas Espazocoop manteña para a xestión da contratación administrativa e facturación a terceiros que proporcionen subministración de bens ou servizos á Unión de Cooperativas Espazocoop. Estes datos serán tratados, na súa condición de responsable do ficheiro, pola Unión de Cooperativas Espazocoop, con enderezo en: Rúa do Horreo, 104 – Baixo esquerda, 15701 Santiago de Compostela, ante a cal os seus titulares poderán acceder, rectificar e suprimir os datos, así como exercitar outros dereitos dirixindo solicitude asinada por escrito. Os datos persoais proporcionados polo licitante ou adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas dela, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Así mesmo, os datos poderán ser comunicados ás entidades bancarias necesarias, á Administración Tributaria, e a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento, ao Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España Portugal como organismo financiador e, de ser o caso, ás outras administracións públicas competentes.

No caso de que as licitantes facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

3. Condición de encargada do tratamento do adxudicatario

A entidade adxudicataria, respecto do tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos contratada, terá a consideración de encargada do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPD) polo que deberá dar cumprimento ás obrigacións incluídas a continuación esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

3.1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

3.2. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se a encargada do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPd ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.

3.3. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPd, un rexistro de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

3.4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, agás que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. A encargada pode comunicar os datos a outras encargadas do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos para comunicar e as medidas de seguridade que se deberán aplicar para proceder á comunicación.

Autorízase á encargada para subcontratar con terceiras empresas ou profesionais as prestacións que sexan necesarias para o bo fin do contrato e que poidan comportar o tratamento dos datos dos participantes, o obxecto do contrato, dando cumprimento en todo caso aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A modo de exemplo, docentes, titores ou seleccionadores.

As entidades subcontratistas terán tamén a condición de encargada do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Á adxudicataria ou encargada inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que a nova encargada quede suxeita ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...), ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que a encargada inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte da subencargada, a encargada inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

3.5. Manter o deber de segredo a respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

3.6. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que se lles informará convenientemente. A encargada manterá a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.

3.7. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

3.8. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais. A encargada do tratamento deberá dar traslado ao responsable, a través do contacto do DPD e coas medidas de seguridade necesarias, de todas as solicitudes de exercicio de dereitos que poida recibir dos afectados. A comunicación farase de forma inmediata e en ningún caso alén do día

laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntando todas as informacións que poidan ser relevantes para estes efectos.

3.9. Facilitar, no momento da recollida dos datos, a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable antes do inicio da recollida dos datos e dará cumprimento, en todo caso, ás esixencias previstas no RXPd, especificando as diferentes finalidades do tratamento dos datos.

3.10. Notificar ao responsable do tratamento na Unión de Cooperativas Espazocoop, de forma inmediata, implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPd.

3.11. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

3.12. Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

3.13. Implantar as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

En particular, e en relación coa posible publicación dos datos relativos á selección dos participantes das actividades a través da páxina web do adxudicatario ou outros medios de análoga funcionalidade, identificarase aos afectados sempre que se trate de persoas físicas, mediante o seu nome e apelidos engadindo os catro últimos caracteres do seu documento nacional de identidade ou equivalente estranxeiro no seu caso.

3.14. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

3.15. Dar traslado ao responsable, unha vez cumpridas ás prestacións obxecto da presente contratación, dos datos de carácter persoal e, se é o caso, dos soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.



7. CONSULTAS RELACIONADAS CO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 986866149 ou ao correo electrónico ramon@espazo.coop

Santiago de Compostela, a 24 de Outubro de 2018

O Xerente

Constantino Gago Conde

